

## Cráterios de cualificación (Curso 2012-2013)

Os instrumentos de avaliación non terán todos igual peso; para calcular a nota de cada avaliación aplicaranse as porcentaxes que figuran a continuación:

| APARTADO 1. Escrito (60%) |     | APARTADO 2. Oral (20%) |     | APARTADO 3. TP (20%) |     | Caderno e comportamento |
|---------------------------|-----|------------------------|-----|----------------------|-----|-------------------------|
| Exames escritos           | 40% | Lectura                | 10% | Deberes              | 10% | 10% supl.               |
| Controis de verbos        | 10% | Conversa               | 10% | Traballo de aula     | 10% | -                       |
| Controis de vocabulario   | 10% | -                      | -   | -                    | -   | -                       |
| ** Monográficos           | 20% | ** Monográficos        | 10% | -                    | -   | -                       |

\*\* Naqueles grupos onde se leven a cabo traballos monográficos, con ou sen exposición, a elaboración do traballo terá un valor de até o 20% da nota, tendo os exames escritos un valor mínimo do 20%. Se se leva a cabo unha exposición oral, esta substituirá á proba de conversas e terá un valor do 10% da nota final.

En 4º ESO, dependendo da evolución do grupo, valorarase a posibilidade de non realizar exames escritos ou de reducir o seu valor. Nese caso os monográficos poden chegar a alcanzar o 40% da nota final.

A cualificación final obterase da suma das notas obtidas nos diferentes apartados, sempre e cando no apartado 1 se obtivese unha cualificación mínima de 3'5 / 10. En caso de non ser así, a cualificación final non incluírá as cualificacións parciais dos apartados 2 e 3.

O redondeo farase á alza á unidade inmediatamente superior, sempre que se cumpran os seguintes requisitos (todos):

- A décima da nota real resultante da ponderación deberá ser igual a superior a 5.
- Non se poderán ter máis de 3 faltas de deberes acumuladas no trimestre.
- As notas do caderno e do comportamento deberán ser B ou MB.
- Ter entregado tódolos traballos e/ou proxectos.

Hai que lembrar que dado que a avaliación é continua, o aprobado en cada unha supón a recuperación das anteriores. **O suspenso da última avaliación, por tanto, implica acudir á convocatoria extraordinaria co curso completo.**

### Convocatoria extraordinaria de setembro.

Tal e como se indicou con anterioridade, acudirá a esta convocatoria o alumnado que suspenda a 3ª avaliación. Para preparar a proba de setembro non se proporcionará ao alumnado ningún material especial, mais poderán ser así o desexan conservar até o día do exame o libro de texto que lles foi emprestado a principio de curso. Cando o alumnado teña un perfil especial tipo "abandono", entón achegarase, xunto ao boletín de notas de xuño, unha nota cos contidos do curso e as referencias bibliográficas e webgráficas antes mencionadas.